

## ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL MELIDE

*Anuncio de licitación da subministración dun vehículo furgón e un remolque de carga*

**ANUNCIO DE LICITACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DUN VEHÍCULO FURGÓN E UN REMOLQUE DE CARGA PARA O CONCELLO DE MELIDE. CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABERTO, OFERTA MAIS VANTAXOSA, CON MULTIPLICIDADE DE CRITERIOS DE VALORACIÓN.**

Subvencionada polo fondo de Compensación ambiental para o ano 2016 de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida destinadas a Entidades Locais de Galicia. (Orde do 21 de decembro de 2015. DOG núm., do 28 de decembro). Liña en concorrencia non competitiva.

**1.- Entidade adxudicadora:** datos xerais e datos para a obtención de documentación.

- a) Organismo: Concello de Melide
- b) Dependencia que tramita o expediente: Secretaría Xeral
- c) Obtención de documentación e información:
  - 1) Entidade: Concello de Melide
  - 2) Enderezo: Praza do Convento nº 5
  - 3) Localidade e código postal: Melide, 15800
  - 4) Teléfono: 981505003
  - 5) Fax: 981506203
  - 6) Enderezo correo electrónico: [contratacion@concellodemelide.gal](mailto:contratacion@concellodemelide.gal)
  - 7) Enderezo de Internet do perfil do contratante: [www.contratosdegalicia.es](http://www.contratosdegalicia.es)
  - 8) Data límite de obtención de documentación e información: Durante o prazo de presentación de proposicións.

**2.- Obxecto do contrato:**

a) Descrición do obxecto: Contratación da seguinte subministración Subvencionada polo fondo de Compensación ambiental para o ano 2016 de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida destinadas a Entidades Locais de Galicia. (Orde do 21 de decembro de 2015. DOG núm., do 28 de decembro). Liña en concorrencia non competitiva.

Denominación	Nº expediente CPV	Orzamento sen IVE (Valor estimado)	IVE	Orzamento con IVE
SUBMINISTRACIÓN DUN VEHÍCULO FURGÓN E UN REMOLQUE DE CARGA	7/2016 34115200-8 34223310-2	Vehículo furgón: 19.313,94 € Remolque galvanizado: 1.817,35 € Total: 21.131,30 €	Vehículo furgón: 4.055,93€ Remolque galvanizado: 381,65 € Total: 4.437,57 €	Vehículo furgón: 23.369,87€ Remolque galvanizado: 2.199,00 € Total: 25.568,87 €

b) Lugar de entrega: Concello de Melide Praza do Convento nº 5, Melide, 15800A Coruña

c) Prazo de entrega: 1 mes, a contar desde o seguinte ao de formalización do contrato en documento administrativo. En todo caso o contratista debe comprometerse a efectuar a entrega antes do día 27.09.2016 de forma que poida xustificarse a actuación o 30.09.2016, tendo en conta o artigo 31 da orde do 21 de decembro de 2015 (DOGA 246 do 28 de decembro de 2015) que di que as entidades beneficiarias terán de prazo para executar o proxecto subvencionado e presentar a conta xustificativa ata o 30 de setembro de 2016. Se durante a tramitación do procedemento de adxudicación a administración enténdese a imposibilidade de xustificar en prazo a actuación poderá resolver o proceso de adxudicación previo aviso ás empresas participantes sen ningún tipo de indemnización. As empresas deberán presentar ademais de proposta de redución de prazo de entrega ou execución o compromiso de en todo caso executar a subministración antes do 27.09.2016 de acordo co modelo do ANEXO III. A factura deberá presentarse ata o día 27/9/2016 a través do FACE

ou do rexistro xeral de entrada do Concello (para a súa tramitación e xustificación da subvención polo Concello). Todo iso, sen prexuízo de posibles prórrogas de execución e xustificación que poida conceder a Vicepresidencia e consellería de Presidencia, Administracións públicas e Xustiza. Neste último caso estarase ao prazo que se sinala no acordo de prórroga.

### 3. –Tramitación e procedemento

a) Tramitación: Ordinaria

b) Procedemento: Aberto

c) Forma de adxudicación: Oferta mais vantaxosa con multiplicidade de criterios de valoración

d) criterios de adxudicación:

#### A) OFERTA ECONÓMICA

**PUNTUACIÓN:** Ata 40 puntos. Aplicarase a fórmula de cálculo recollida nos Pregos-tipo de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación mediante procedemento aberto (con multiplicidade de criterios de valoración) das obras comprendidas nos Plans Provinciais e outras obras provinciais, aprobados por acordo plenario de data 30/12/2015 e publicados na dirección: <https://www.dacoruna.gal/valoracion/> . Esta fórmula recóllese no Anexo II do prego

#### D) REDUCCIÓN DE PRAZO

**PUNTUACIÓN:** Ata 10 puntos

**CRITERIOS DE PUNTUACIÓN:** para estes efectos se o prazo exprésase en meses, entenderase 30 días naturais. Tomaranse en consideración só as ofertas de redución de prazo que resulten debidamente xustificadas, conforme a Anexo II do prego

#### C) AUMENTO DA GARANTÍA

**PUNTUACIÓN:** Ata 10 PUNTOS

**CRITERIO DE VALORACIÓN:** Conforme ao Anexo II do prego, sendo a garantía fixada no prego de 2 anos, o aumento de garantía valorarase da seguinte forma:

- Ata 3 anos: 4 puntos
- Ata 4 anos: 8 puntos
- A partir de 5 anos: 10 puntos

#### 4.- Garantía esixidas:

Provisional: Non se esixe

Definitiva: 5% do prezo de adxudicación, excluído o IVE

#### 5.- Requisitos específicos do contratista

a) clasificación: Non se esixe

b) Solvencia económica e financeira e solvencia técnica -cláusulas 10.1.b.) G :

b.1. Económica e financeira: Considerarase que o licitador xustificou a súa solvencia económica e financeira se o volume anual de negocios do licitador referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos sexa polo menos unha vez e media o valor estimado do contrato cando a súa duración non sexa superior a un ano e polo menos unha vez e media o valor anual medio do contrato se a súa duración é superior a un ano. O volume anual de negocios do licitador acreditarase por medio das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivese inscrito no devandito rexistro, e en caso contrario polas depositadas no rexistro oficial en que deba estar inscrito. Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil

b.2 Solvencia técnica: A solvencia técnica ou profesional apreciarase por medio dunha relación das principais subministracións realizadas no últimos cinco anos que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado, dos mesmos. As subministracións efectuadas acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público ou, cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario; no seu caso, estes certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente. Considerarase solvente ao licitador que acredite experiencia na realización de subministracións cun obxecto substancialmente similar ao deste contrato, que se acreditará mediante a relación das subministracións efectuadas polo interesado no curso dos cinco últimos anos,

correspondentes ao mesmo tipo ou natureza ao que corresponde o obxecto do contrato, avalados por certificados de boa execución. Considerarase que o licitador acreditou a súa solvencia técnica cando o importe anual acumulado no ano de maior execución sexa igual ou superior ao 70% do valor estimado do contrato, ou da súa anualidade media se esta é inferior ao valor estimado do contrato.

#### 6. Presentación das ofertas ou das solicitudes de participación

a) Data límite de presentación: As proposicións presentaranse en horario do rexistro xeral (de luns a venres de 9:00 ás 14.00 horas e os sábados de 11.00 ás 13.00 horas), dentro do prazo dos 15 días naturais contados dende o día seguinte ao de publicación do anuncio no BOP ou perfil de contratante ([www.contratosdegalicia.es](http://www.contratosdegalicia.es) )

Para o cómputo do prazo de presentación de proposicións, no suposto en que non coincida a data do anuncio no BOP e no perfil de contratante, contarase a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no BOP

b) Modalidade de presentación: A documentación presentarase en dous sobres pechados (cláusula 9 e 10):

– Sobre A, subtítuloado “Documentación”: conterá a documentación esixida na cláusula 10.1a) do prego.

– Sobre B, subtítuloado “Oferta económica e documentación sobre criterios evaluables automáticamente”, conterá a proposición formulada estritamente conforme o modelo que figura como Anexo III do prego.

c) Lugar de presentación:

1. Dependencia: Rexistro Xeral do Concello de Melide, e oficinas de Correos.

2. Domicilio: Praza do Convento 5.

3. Localidade e código postal: Melide, 15800

#### 7. Apertura dos sobres A e B.

a) Enderezo: Concello de Melide, praza do Convento , 5

b) Localidade e código postal: Melide, 15800.

c) Data e hora: Publicaranse no perfil do contratante.

**8. Gastos de publicidade:** serán por conta do adxudicatario.

**9. Obtención de pregos e proxecto:** a copia do PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRIPCIONES TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DUN VEHÍCULO FURGÓN E UN REMOLQUE DE CARGA, aprobados pola Xunta de Goberno Local celebrada o día 12.08.2016 poderán obterse no perfil do contratante ([www.contratosdegalicia.es](http://www.contratosdegalicia.es)).

Melide, 12 de agosto de 2016

A alcaldesa

Dalia García Couso

2016/6845